



Carta aberta ás organizacións ecoloxistas  
Xuño 2008

## A CAZA DO RAPOSO

Xa pasou o tempo necesario, dende que rematou a tempada de caza, para facer unha valoración reflexiva sobre as protestas habidas contra a caza, en especial contra a do raposo, e fundamentalmente con motivo da Copa de España celebrada na comarca de Portomarín.

Coinciden estas reflexións nas datas do remate da tempada de caza en asexo *-rececho-* do corzo, modalidade moi selectiva que amosa a clara vocación do mundo da caza, da caza regulada, e polo tanto sostible, por contribuír ao equilibrio das especies cuxas poboacións foron alteradas pola man do home, como consecuencia, entroutras cousas, do abandono das terras de labor e a aparición dos monocultivos forestais.

Para principiar, dicir que, a caza para uns é unha actividade de ocio, para outros unha actividade deportiva, e para moitos dos seus practicantes un deporte. Pode ser perfectamente as tres cousas, unha actividade de ocio que polas súas características fai que sexa unha actividade deportiva, e por tanto pode ser considerada deporte, que para nada é sinónimo de competición en tódalas circunstancias, pois non sería xusto afirmar que nunha competición cinxética gaña quen máis caza aínda que ese sexa o resultado final, dado que se prima a quen amosa maior pericia nunha actividade na que conta a destreza, cunhas dificultades maiores que nun día de caza normal. A camaradería, a confraternidade e a solidariedade, son sen dúbida os piares esenciais deste deporte, mesmo se valoran case máis que a propia competencia. A modo de exemplo compre destacar que tódalas competicións de caza rematan cun xantar de confraternidade entre deportistas, xuíces, organización, autoridades, etc. Coido que este podería ser un exemplo da esencia do deporte (formación e valores positivos dos deportistas) en momentos onde outros deportes sacan a flote o máis negativo do ser humano e da sociedade, non hai máis que asistir ás gradas durante determinados partidos ou á saída dos mesmos.

Ao longo do ano cinxético celebráronse cacerías de raposo, igual que de xabaril, de corzo, etc. A Federación Galega de Caza tan só organiza seis campionatos de raposo: catro campionatos provinciais, o campionato galego e a Copa de España. O que non cabe dúbida é que dende sempre a caza foi un regulador das especies, e no caso do raposo é a súa función máis importante. Esta regulación ven establecida polos plans de ordenación e aproveitamento cinxético que cuantifican esa necesidade en cada terreo e pola *orde de vedas* que establece as datas nas que se pode cazar cada especie.

Compre salientar que nos campionatos, a Federación colabora coas sociedades de caza organizadoras, pero nese terreo de caza e nese día cómprense todas e cada unha das normas xerais para a súa práctica. En todo caso, ese día hai algunhas normas a maiores, en xeral máis restrictivas para os que participan: limitación do número de cazadores, limitación do tempo de caza, limitación do número de cans, etc. Igualmente nos campionatos cúmprese escrupulosamente cos plans de aproveitamento asignados ao terreo onde se caza, non hai un “cupó” especial para eses días, está computado no anual do propio territorio. Por tanto a afirmación feita de que “a FGC falsifica os datos para poder cazar o raposo” é, cando menos, unha falsidade.

Outra das afirmacións que se viñeron realizando ao longo destes meses era que “a Federación recibe 700.000 € da consellería de Cultura e Deportes para organizar estes campionatos”. As Federacións Deportivas Galegas reciben unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte que é aprobada no Consello da Xunta e que se publica no DOG, por tanto pública e facilmente coñecible para quen queira saber a verdade. No convenio con cada Federación establécense os plans a desenvolver de cada unha delas. O Diario Oficial de Galicia publica o importe do convenio da Federación de caza, que ascende a 44.500 € no ano 2007. É máis que evidente a falsidade que se comete coas cifras vertidas nalgúns medios, salvo que ademais de mentir non teñan outra misión que intoxicar.



Non é necesario poñer máis exemplos das mentiras sobre as que se está asentando esta campaña de desprestixio da caza, buscando confrontacións sociais con argumentos absolutamente artificiais, cunha utilización “mediática” sorprendente, tratando de trasladar unha realidade que non existe, e utilizando a colectivos alleos ao país para obter respaldos que non atopan en Galicia. Falta a ocasión na que calquera desas organizacións aceptase a invitación realizada pola Federación Galega de Caza -reiterada con motivo do campionato celebrado en Portomarín- para sentarse arredor dunha mesa e escoitarse uns a outros...

Dende o maior dos respectos para aquelas persoas contrarias á caza, dende o meu punto de vista baseándose en premisas erróneas da natureza, este movemento non parece ter máis que un interés na búsqueda de enfrontamentos, no que parece ser unha viaxe a ningunha parte. Dende ese respecto, o desprezo para quen confunde a discrepancia co insulto. A defensa das ideas nunca pode asentarse na limitación dos dereitos dos demais, e menos na coacción e na sabotaxe de actividades legais.

¿Acaso a nosa sociedade estará tan enferma como para molestarlle que se coñeza a caza responsable, e só admite a caza silenciada?; ¿cal é a razón desa actitude de buscar que os cazadores sexamos un gueto ao que non se deixa integrar na sociedade do coñecemento?. Paréceme unha postura un tanto hipócrita, e resístmome a pensar que poida ser así.

Os cazadores queremos, e podemos, seguir practicando a nosa actividade no século XXI e ademais sendo útiles dentro da sociedade como parte da conservación da natureza.

A historia da caza do raposo na nosa Galicia está asentada sobre bases sólidas e antigas: os cazadores de raposos ata fai poucos anos eran agasallados polas mulleres galegas con perras e ovos como pago polo seu labor. A regulación das especies sempre estivo e seguirá estando como unha das bases da caza. A única diferenza respecto a outros lugares é que aquí cázase “con luz e taquígrafos”, ás claras... noutras zonas de España -das que por certo eran boa parte dos manifestantes de Portomarín-, por considerar o raposo unha *alimaña*, son simplemente capturados en gaioalas e sacrificados. Parece que, para algúns que se fan chamar ecoloxistas e negan tal atributo ao demais, o importante é non ver, non saber, non sentir...só importa parecer.

**José María Gómez Cortón**  
Presidente da Federación Galega de Caza